

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO SÚMASE Á CELEBRACIÓN DO DÍA DA OBESIDADE CONCIENCIANDO SOBRE A IMPORTANCIA DA INVESTIGACIÓN PARA AVANZAR CONTRA DOENZA

- Os grupos que traballan en obesidade do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) e o Servicio de Endocrinoloxía e Nutrición da Área Sanitaria compostelá participaron nas actividades informativas e divulgativas no Clínico

- “Un futuro sen obesidade”, é o lema proposto este ano

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2022.- A área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza celebra do **Día da Obesidade** que convocan as Sociedades Españolas de Obesidade (SEEDO) e de Endocrinoloxía e Nutrición (SEEN) co obxectivo de concienciar sobre esta enfermidade.

Nesta edición, o Día Nacional da doenza céntrase en dar valor aos **progresos na investigación básica, traslacional e clínica que se está levando a cabo**, poñendo o foco na investigación e o seu transcendental valor para asegurar un futuro máis óptimo neste ámbito.

Ás actividades informativas e divulgativas súmanse hoxe os grupos de investigación que traballan en obesidade do **Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS)** e o **Servicio de Endocrinoloxía e Nutrición** da área sanitaria compostelá

No IDIS están traballando varios grupos de investigación de relevancia tanto nacional como internacional para “un futuro sen obesidade”, que é o lema proposto este ano no Día da Obesidade.

A modo de resumo e reflectindo só algunhas das moitas liñas de investigación que se están a abordar na actualidade no IDIS, destacan diferentes estratexias para frear a pandemia da obesidade, centradas na mellora do control do apetito, a función do tecido adiposo, a regulación da epixenética.

Os grupos de investigación da área de Endocrinoloxía do IDIS implicados na investigación para un futuro sen obesidade centran as súas liñas de investigación en diferentes aspectos relacionados cos mecanismos que se alteran na obesidade e patoloxías asociadas, identificaron biomarcadores precoces de enfermidades e terapias farmacolóxicas. Así, diferentes liñas desenvolven investigacións que estudan os mecanismos de comunicación entre os órganos periféricos (fígado, estómago e tecido adiposo) e o cerebro que regulan o peso corporal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre eles, demostraron o efecto protector da lactación materna contra a obesidade e os mecanismos asociados, o papel funcional das vesículas extracelulares na obesidade; a identificación de mecanismos que activan o tecido adiposo pardo, e a existencia de sinaturas epixenéticas específicas da obesidade e das súas enfermidades asociadas, incluído o cancro, que poden modificarse despois dun tratamento para adelgazar e que se está a avaliar o efecto modulador de diferentes compostos bioactivos, patróns de alimentación saudable como a Dieta Atlántica nestas sinaturas epixenéticas.